



**Federación  
Galega de  
Atletismo**



## **CIRCULAR**

Praza Agustín Díaz, s/n - 15008 - A Coruña.  
T. +34 981 291 683 - federacion@atletismo.gal  
atletismo.gal - carreirasgalegas.com

C.I.F. G15103500



**DEPORTE  
GALEGO**

### **CIRCULAR 174-2025.**

## **XI CAMPIONATO XUNTA DE GALICIA DE CLUBS DE PROBAS COMBINADAS EN PISTA CURTA E CRITERIUM DE COMBINADAS**

**Art.1).- A Federación Galega de Atletismo organiza, o 27 e 28 de decembro na pista de Expourense (Ourense), o Criterium e o Campionato Xunta de Galicia de Clubs de Probas Combinadas en PC.**

**Art.2).- Poderán participar os 8 clubs masculinos e femininos que, na inscrición, presenten maior suma de puntos nas seguintes condicións:**

- É preciso inscribir a 3 ou 4 atletas por equipo.
- A suma de puntos realizarase coas 3 mellores marcas nas probas combinadas de pista curta, ou por sumatorio de puntos en probas individuais.
- Terán validez as marcas obtidas nas categorías Sub 16, Sub 18, Sub 20, Sub 23, Sénior e Máster, por atletas con licenza en vigor.
- As combinadas Máster puntuarán sen aplicación de coeficientes de idade. (pódense calcular no "Documento de Inscrición" publicado, na folla "Sumatorio individuais")
- Serán válidas as marcas realizadas nas tempadas 2024 e 2025, nas combinadas de pista curta, por atletas con licenza en vigor polo club participante, aínda que teñan estado noutro club no 2024.
- Poderá participar 1 atleta de club asociado por equipo.

**Reservaranse 8 prazas en mulleres e en homes para atletas que, non formando parte dun equipo, presenten mellor marca ou mellor suma de puntos das probas individuais que compoñan a súa combinada de pista curta, sendo ambos sistemas considerados por igual.**

- Segundo acordo da Asemblea, só poden participar atletas que acrediten, dende o 1 de xaneiro de 2024, rexistros no 40% das probas que compoñan a combinada na que participen e que, dentro de eses rexistros, se acredite marca nun mínimo de unha carreira, un salto e un lanzamento.
- Serán válidas as marcas realizadas nas tempadas 2024 e 2025, nas combinadas de pista curta ou nas súas probas correspondentes, por atletas con licenza en vigor pola FGA.
- A comparación entre marcas de diferentes disciplinas (exatlón/heptatlón) realizarase por media de puntos, obtida esta dividindo os puntos totais entre o número de probas disputadas.



### **Art.3).- Categorías da competición**

Aqueles atletas de segundo ano que, cambiando de categoría na tempada 2026, desexen participar coa categoría propia do 2026, deberán indicalo no documento.

- De non indicalo segundo o establecido, participará nas combinadas correspondentes á súa categoría no 2025.

### **Art.4).- As inscricións realizaranse ata as 20:00 horas do xoves 18 de decembro de 2025 enviando un correo electrónico a [direcciontecnic@atletismo.gal](mailto:direcciontecnic@atletismo.gal) e atendendo ás seguintes premisas:**

- Cada club deberá remitir a [direcciontecnic@atletismo.gal](mailto:direcciontecnic@atletismo.gal) o documento "**Documento de Inscrición**" publicado na web da FGA ([pode acceder premendo aquí](#)), onde deberá cubrir a folla "Inscricións" indicando, de ser o caso, os atletas que conforman o equipo, así como as posibles inscricións individuais. En todo caso indicárase a marca, así como o lugar e a data da mesma. No caso de presentar algunha puntuación ou inscrición por "Sumatorio individuais", deberáse remitir, tamén dita folla.
- Aqueles atletas que participen de xeito individual e, non tendo marca en probas combinadas, queiran realizar a inscrición por suma de puntos nas probas individuais, realizadas estas a partir do 1 de xaneiro de 2024, deberán cubrir e remitir a [direcciontecnic@atletismo.gal](mailto:direcciontecnic@atletismo.gal) o documento "Documento de Inscrición" publicado na web ([pode acceder premendo aquí](#)). Onde deberán cubrir a folla "Sumatorio individuais".
- Existirá unha cota de inscrición de 4 euros por atleta para aqueles que participen de xeito individual.

### **Art.5).- Prazo de reclamacións e renuncias.**

- Rematará ás 20:00 horas do domingo 21 de decembro e serán remitidas a [direcciontecnic@atletismo.gal](mailto:direcciontecnic@atletismo.gal)
  - o Aqueles clubs que, non estando entre os equipos provisionalmente clasificados, queiran renunciar á posibilidade de acadar praza na listaxe definitiva, deberán comunicalo neste mesmo prazo

### **Art.6).- Cada equipo poderá efectuar 1 troco sobre a inscrición inicial ata 20 minutos antes do peche de cámara de chamadas da primeira proba.**

- No caso de coñecerse a situación de cambio con anterioridade, agrádese a comunicación á Dirección Técnica a fin de poder cadrar con tempo o horario de competición.

### **Art.7).- Os/as atletas deberán utilizar o dorsal outorgado pola organización, de forma visible en toda a súa superficie.**

- Será responsabilidade dos atletas levar consigo imperdibles ou calquera outro sistema para a súa colocación



**Art.8).- A presentación de artefactos persoais para a súa homologación pechará, cada xornada, 50' antes do comezo da súa combinada.**

**Art.9).- Cámara de chamadas.**

Os/as participantes deberán acceder á Cámara de chamadas na primeira proba de cada xornada provistos dun documento de identificación oficial ou licenza federada en formato dixital con foto, e deberán saír á pista coa camiseta e o dorsal posto.

**Peche da cámara de chamadas → 5' antes da saída a pista.**

<b>SAÍDA A PISTA</b>	
<b>Minutos antes da hora oficial da proba</b>	
Carreiras	5'
Concursos	25'

**Art. 10).- Horario e cadencias.**

- Publicaranse unha vez rematado o prazo de comunicación de renuncias.
- A previsión de xornadas é a seguinte::

**Sábado:** Xornada de mañá e tarde. (Mulleres o sábado)

**Domingo:** Xornada de mañá.

**Art.11).- Habará trofeos para os tres primeiros clubs masculinos e femininos clasificados a nivel absoluto.**

- Puntuarán para a clasificación as 3 mellores marcas por equipo, independentemente da súa categoría.
- As combinadas Máster puntuarán sen aplicación de coeficientes de idade.
- Os clubs que non puntúen con 3 atletas, clasificarán detrás dos equipos que si o fagan.

**Art.12).- A responsabilidade das inscricións dos atletas, salvo que sexan independentes, corresponderá ao seu club. Aplicaranse as seguintes penalizacións:**

- Inscricións fóra de prazo:
  - o Deberán ser enviadas a [direcciontecnica@atletismo.gal](mailto:direcciontecnica@atletismo.gal) para a súa valoración:
    - Individuais: 10 € por atleta.
    - Clubs: 25 € por equipo.
- Aqueles clubs que, logo do prazo de reclamacións e renuncias, comuniquen a súa baixa ou non participen da competición, terán unha penalización de 50€ por equipo, salvo causa xustificada e acreditada por escrito á FGA a través do correo [competicion@atletismo.gal](mailto:competicion@atletismo.gal) antes de superadas as 48 horas dende o inicio da competición.
- Calquera baixa no criterium, nas 48 horas previas ao inicio da competición ou a non participación final, levará asociada o cobro da cota de inscrición xunto cunha sanción de 5€, salvo causa xustificada e acreditada por escrito á FGA a través do correo [competicion@atletismo.gal](mailto:competicion@atletismo.gal) antes de superadas as 48 horas dende o inicio da competición.
- Non acreditar a veracidade nas inscricións enviadas á FGA: 6 euros por atleta con datos falsos.



**Federación  
Galega de  
Atletismo**



**CIRCULAR**

Praza Agustín Díaz, s/n - 15008 - A Coruña.  
T. +34 981 291 683 - federacion@atletismo.gal  
atletismo.gal - carreirasgalegas.com

C.I.F. G15103500



**DEPORTE  
GALEGO**

**Art.13).- Todo o non disposto no presente regulamento resolverase, por esta orde, de acordo as normas da F.G.A., R.F.E.A. e World Athletics.**

**A Coruña, a 30 de outubro do 2025**

**Yolanda González Fernández**  
Secretaria Xeral da Federación Galega de Atletismo